

MESA SECTORIAL


25/02/2025

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 4 DE FEBREIRO DE 2025.

Aprobábase a acta da sesión anterior unha vez feitas as alegacións por parte das organizacións sindicais.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ORDE POLA QUE SE CONVOCA O PLAN GALEM: PROGRAMA INTEGRAL DE APRENDIZAXE DE LINGUAS ESTRANXEIRAS PARA O ANO 2025.

No artigo 2 demandamos que se amplíe a duración en número de horas de cada unha das fases das distintas modalidades xa que consideramos que non suficientes as que establece a orde. Nas modalidades 1 e 2 deberíamos estar falando como mínimo de 80 horas na fase A e 30 na B.



No artigo 5 consideramos que debería valorarse a opción de incluír estadías en Irlanda e menos no Reino Unido (que non é actualmente un país da Unión Europea) para tratar de minimizar os problemas que tiveron lugar en anos pasados. Consideramos que a xestión do programa debería ser directa por parte da Consellería e non a través dalgunha empresa para evitar que se repitan sistematicamente os problemas de xestión.

Neste artigo 5 valoramos positivamente que volva a incluírse a participación do profesorado de EOI xa que é o profesorado que se adica única e exclusivamente á ensinanza de idiomas e que ademais forma á maioría do profesorado que imparte CLIL na ESO e Bacharelato. Debería valorarse a inclusión do resto de **profesorado de ensINANZAS de réxime especial e do profesorado interino**. **A Administración resposta que o**

programa está deseñado para o profesorado funcionario de carreira. Non teñen pensado incluír ao profesorado de réxime especial.



Deben ofertarse prazas de italiano e de portugués.

No artigo 7, desde ANPE Galicia consideramos que debería recollerse explicitamente a prioridade das persoas que nunca puideron participar no programa. **A Administración manifesta que esa tamén é a súa intención polo que estudarán esta cuestión para darlle unha resposta o máis positiva posible.**

Con respecto a establecer como requisito mínimo ter un nivel B2 desde ANPE consideramos que é elevado e debería establecer como requisito mínimo ter un nivel B1 xa que son as persoas que máis poden necesitar este tipo de formación. **A Administración resposta que se esixe o nivel B2 para un mellor aproveitamento do programa.**

No artigo 8 faise referencia ás licenzas por formación. Debe terse en conta que desde o curso pasado hai licenzas sen retribución. Non ten sentido excluír da participación neste programa a quen está nunha licenza por formación non retribuída xa que non está gastando ningún orzamento público. **A Administración acepta esta proposta de ANPE.**

En relación ao artigo 9 denunciemos que hai unha redución de orzamento novamente con respecto ao curso pasado. Demandamos que se cubra todo o orzamento e non queden prazas desertas, acumulando as que poidan quedar vacantes a outras modalidades establecendo unha serie de criterios para dita acumulación.

No artigo 10 demandamos que se amplíe o prazo de presentación a 20 días hábiles.

MESA SECTORIAL

25/02/2025

No artigo 15 seguimos demandando que forme parte da comisión de selección persoal técnico con competencias nos idiomas correspondentes. Tamén solicitamos que as organizacións sindicais podamos ter un informe de resultados e problemáticas de cada convocatoria.



No artigo 16, en relación ás renuncias, demandamos coñecer que entende a Administración por causa xustificada de forza maior e consideramos que 5 anos de penalización sen poder volver a participar no caso de renuncia sen causa xustificada é moi elevada. Solicitamos a redución a 3. Tamén demandamos que as renuncias non teñan que ser a todas as prazas solicitadas.

Debe incluírse no texto da Orde que o profesorado participante no programa estará exento de formar parte dos tribunais de oposicións. **A Administración valorará esta proposta.**

En relación ao baremo demandamos que se equilibre a puntuación. Non consideramos axeitado que se asigne practicamente a mesma puntuación a impartir cursos que a recibilos (sempre debe primar a impartición). No apartado 1 debemos ir a un máximo de 6 puntos. No apartado 2.1 debemos ir a un máximo de 4 puntos. No apartado 2.2 debemos ir a un máximo de 4,5 puntos. No apartado 2.4 debería baixarse a puntuación máxima a 3 puntos para primar a persoas que nunca participaron. No apartado 2.6 non somos partidarios de falar de 10 anos, consideramos que debería darse a puntuación máxima a todos os solicitantes que non participaron nunca.

No anexo IV desde ANPE teríamos unha serie de aportacións demandando un aumento de prazas en

moitas modalidades pero co orzamento que hai asignado ao programa non ten moito sentido facer un desglose desta petición de aumento de prazas. O que sí temos que demandar é un aumento do orzamento total do programa e inclusión de prazas de italiano e portugués.

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROLDA FINAL DE INTERVENCIÓNS.

- ANPE demanda, como fixo xa varias veces por escrito, que se recoñeza administrativa e economicamente o cargo de coordinador/a de programas internacionais nos IES como se fai nos CIFP. Fan o mesmo traballo e non é recoñecido, o que supón un agravio comparativo que xurde de que nos IES este cargo non ten unha denominación homoxénea e acorde á normativa que sí permite a súa valoración nos CIFP. Nesta mesma liña deben valorarse absolutamente todas as coordinacións, non so administrativamente senón tamén a efectos económicos.
- Solicitamos que se dea unha solución técnica para solucionar o tema das persoas que se equivocan á hora de cubrir a solicitude das oposicións e fan outra tendo que volver a aboar as taxas.
- Deben axilizarse a convocatoria de apertura de listaxes que están esgotadas desde hai tempo.
- Demandamos o aumento de profesorado nas aulas hospitalarias (concretamente en Vigo, A Coruña e Santiago).
- Denunciar novamente as presións e problemas que sofre o profesorado nomeado pola Consellería de Educación nos CFEA con relación ao seu horario lectivo sufridas por parte dos compañeiros e/ou equipos directivos que dependen doutra Consellería.
- Denunciar de novo o atraso na percepción de trienios e sexenios e tamén a membros de tribunais. Demandamos que se paguen os intereses de demora.
- Solicitar a negociación na Mesa Sectorial dos distintos ROCs.

MESA SECTORIAL

25/02/2025

- Solicitamos que se axilice a negociación do Plan de Igualdade.

características antes da resolución provisional do CXT.



- Demandamos novamente que se estableza a posibilidade de elaborar listaxes de substitucións de inspección elaboradas a partires dos aspirantes que se presenten ao proceso selectivo e non acaden praza tal e como demandou ANPE na última Mesa Sectorial da orde de convocatoria de oposicións. Non se pode repetir unha convocatoria de inspección accidental como a que se fixo este curso e que está denunciada mediante recurso por parte de ANPE. Queremos confirmación por parte da Administración de que **as 5 persoas nomeadas a través desta convocatoria accidental van a ser cesadas a final de curso. Hai unha investigación aberta por parte de transparencia polo que algo debe de estar ocorrendo con ese proceso de inspección accidental. A Administración resposta que xa manifestou que o proceso accidental non era o modelo que eles querían. O feito de que non se cubren todas as prazas é similar ao que ocorre en todos os procesos selectivos. En principio finalizarán o seu nomeamento a finais de curso.** ANPE insiste en que na convocatoria establece **taxativamente** que cesarán a finais de curso despois de que ANPE e todas as OOS demandasen que se retirase da orde de convocatoria a posibilidade de continuar.

- Solicitamos a reunión do Comité Intercentros de Saúde Laboral e dos comités de saúde das distintas provincias.

- Solicitamos a elaboración de baremos unificados para distintas convocatorias da Administración educativa.

- Solicitamos información e/ou reunións para contrastar as prazas estruturais e as súas



- Demandamos formación para o persoal laboral docente xa que da súa nómina se lle está detraendo un 0,7% para formación cando despois non se lles ofertan determinadas formacións ou nos criterios de selección son os últimos en optar a esa formación.

- En relación ao profesorado de Orientación: hai persoal de orientación que, por concurso de traslados, se especifica que soamente pode facer tarefas de orientación e se lle asignan gardas. Tamén **hai unha resposta da directora xeral** onde se indica que todo o seu horario lectivo estará adicado ás súas funcións.

- Demandamos a actualización da **Orde de licenzas e permisos.**